

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.  
Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 26

A CRUÑA 30 DE XULIO DE 1917

NO XXXII ANIVERSARIO DA MORTE DE ROSALÍA

## HONRANDO A QUEN NOS HONRÓU

No derradeiro boletín falábase ós nosos lectores da velada necrolóxica que celebró a nosa Irmandade en conmemoración do XXXII aniversario do finamento da nosa insigne cantora Rosalía Castro, que ben merecente é de cantos aitos d'ista crás celebráranse en Galicia, terra que foi pra ela salaio dos seus salaíos, e qu'endemal, que nosoutros seipamos, sóio os *Amigos da Fala* lembrámonos d'adicarlle unhos verbes d'amore e gratitude, á quen, como ila, soupo defendere en todol-os tempos o bô nome de Galicia, e desvirtuare a mala sona con qu'os alleos quixeron abafarnos.

Na nosa terra, dende que nos xuntamos en apertado feixe pra erguel-a bandeira do galeguismo, moitos son-os que, aporveitando o suco que levamos aberto, queren ou pertenden erixirse en apóstoles da nova e santa cruzada.

E isos señores, que seica parécelles qu'ainda zugaron pouco na Galicia escrava, queren aporveital-a mornenza das primeiras raiolas do sol da redenzón pr'os seus medros persoas na meseta. Procrámanse galegos ós catro ventos, e falan en castelán e pensan en centralismo; lémbrense de nós e dos nosos poetas, pra faguernos escada dos seus degoro se poder, rubiren até os pes dos seus amos, dos que reciben por premio da sua labore de lamá-chegas, un aita noxenta; aita na que vaos envolteitan o desgairados qu'ainda, os servindo, téñennos por catralvos, e a eterna maldizón dos fillos de Galicia.

Mais, en datas coma ista, amóstran-a orella; en datas coma ista —n'esquenzamos o feito—, de tantos e tantos apóstoles (?) galeguistas, non houbo un, nin un soio, que lembrárase de qu'eisistira no mundo a eiselsa Rosalía, a que tanto nomean nos seus aitos políticos, a qu'adicóu alma e vida á loitar pol-o ben da nosa raza e da nosa terra, qu'iles, ruíns e desleigados fillos, tanto aldraxan.

Lembrámonos nós: os modestos, os homildes; os qu'alleos a comenanzas e prexuízos, soupemos faguer: da terra un símbolo; da tradizón, un altar; da lingoa, unha pregaría. Chámannos tolos, e vanse contaxiando na nosa toleria; chámannos quixotes, e un

trais outro van sentindo arelas d'acompañárennos nas nosas andanzas por Galicia adiante...

Eisí que nós, os bôs e xenerosos, os que levamos na frente unha estrela e no peito un cantar, en xuntanza espritoal e corporal no local da Academia Galega, fúmol-os únecos qu'adicamos unha

lembianza á Rosalía, á que nomeamos coma símbolo e non coma bandeira. Alí, en compañía d'algunhas donas qu'honráronnos co-a sua presenza, celebramos solemnemente o aito, con devozón e recollimento, respirando un ar d'enxebrismo que sóio nós enxerguemos e sentimos.

Comenzóu a velada dando lectura a dúas poesías dos Sres. Bahamonde (D. Florencio) e Rodríguez González (D. Eladio) adicadas á conmemorada, que foron moi apraudidas. A do primeiro foi lida pol-o Sr. Faxinas, e a segunda pol-o autor. Dimpois deron lectura a moi sentidas e ben pensadas coartillas, os Sres. Iglesias Roura e Tettamancy. O Sr. Iglesias Roura, tamén leu a poesía *A xusticia pol-a man*, de Rosalía, do libro *Follas Novas*, poesía na que latexa unha forteza e rebeldía, que causóu fondonísima sensazón entr'os ouventes, dad'ò momento e o lugare en que foi lida.

Derraderamente, noso segundo conselleiro D. Antón Valcárcel, pronuncióu un discurso maxistral de fondos i-elevados pensamentos,

termiñándô co-istos sentidos verbes dirixidos ô noso bô irmán Tettamancy, qu'ostentaba a repersentazón do insigne historiador D. Manuel Murguía, viudo da que foi nosa gran poeta—e non lírica española—: «E a vosté, bô irmán, pregámoslle que pida ô noso ben querido D. Manuel, á quen eiquí repersenta, que bote sobor nós os *Amigos da Fala* a sua santa bendizón coma honra-bre patriarca galego qu'é, pra que co-ila axúdenos á chegare ô fin que perseguimos, que non é outro qu'ò vere á Galicia galeguizada, e libre das poutas dos caciques e das cadeas do centralismo.

E termiñado o discurso que foi moi apraudido, todol-os irmáns, postos en pé, e cheos de maor entusiasmo, entonamos con relixiosidade e amore o himno galego, coma temos por costume, ô



terminar calquer aito na Irmandade da Fala.

Entr'os moitos telegramas de adhesión que recibimos, e que foron lidos, sobresaía un moi sentido de nosos irmáns Villar Ponte (D. Antón e D. Ramón), primer Conselleiro e Vocal, respectivamente, da Irmandade, qu'atópanse pasando unha tempada en Viveiro.

Participóunos noso' irmán Tettamancy qu'ô comunicare a D. Manuel Murguía as suas impresións da velada, confesóulle iste que de cantos aitos foron celebrados en con-

memorazón da que fora sua dona, foi o noso, pol'ô sinceiro, modesto e sinxelo, un dos que mais o impresionaran e o fixeran emozonar fondamente, e que nos dixera quedaba agradecido e obrigado intensamente ôs *Amigos da Fala*.

Eisí, sin bulizos nin alaracas, e sí con devoción e recollimento, é coma se fan istos aitos dos que non débese saíre convencidos d'habere falado, sinón satisfeitos d'un deber cumprido, honrando a quen nos honróu.

premita reintegrare o pobo á súa terra e a terra ô pobo. O contrario, o político, houbera sido creare un partido, e non é iso do que trátase.

Por ilo podemos falare outo e craro e ternos pol-os millores, sendo tan pequenos e desinificantes. Que imos faguerlle, temo-la valentía de pensare con nosa propia cabeza e de obrare pol-a nosa conta, sin ter en conta nin nosas comenencias económicas. Do xeito qu'á outros dalles pol-o augardente, pol-os touros ou pol-o axedrés, a nós dounos por dotare ôs andaluces d'unha patria que non teñen. Si hai quen o faga mais axiña e millore, que veña correndo, que estámol-o agardando pra irmonos; mais que non veña á outra cousa, porque ven trabucado.

Os que compoñen o *Centro Andalus* e dirixen o rexionalismo en Sevilla, hoxe por hoxe non aspiran cò seu rexionalismo nin a *un soldo de municipal*, qu'é o menos á que pódese aspirare co-a influencia política; ningún quixera saíre da súa escura modestia; si houbera unha Agrupazón que tomara a bandeira é cumplise o ideial, tan satisfeitos nas nosas casas onde temos moito que faguer; mentras tanto, nin ciamos, nin ciamos. Si o pobo quere enterar, i-entérase, coma vaise enterando, millor pra todos; ô poñernos n-ista soprema empresa o que menos preocupounos foron as posibilidaes do trunfo; ilo foi unha necesidade do noso espírito, foi a crêenza de que cumpríamos co-un debere.

## O REXIONALISMO ANDALÚS

# O MESMO QUE PENSAMOS NÓS

Ofercemos ôs nosos leitores istos párrafos d'un artigo que e-ô título *O Rexionalismo andalus* e firmado por Raphael, limos no boletín *Andalucía*, orgo dos rexionalistas andaluces de Sevilla:

**H**OUBERASE intentado un rexionalismo esmorente e poético, sin contido patrio, sin esenza económica, compatibre con todas as inxusticias que censuramos no fondo, mais ô parecer rifados na forma; d'un lingoaxe fosco, mais de fermosos verbes; e houbéramos abranguido en pouco tempo axuntare ô redor do novo e framante festín a todol-os descontentos. Mais non faise isto, inténtase sacrificare o intrés da Patria, os intreses particulares e cund'ô pánico. ¿Por qué non decil-o? Son razóns de descapacidade e de dependenza o qu'impideu constituire no curto prazo d'un ano un núcleo rexionalista tan forte coma fora de desexar; mais non por isto esmorecemos na empresa; en troques, é moi superior ôs nosos cálculos e ás nosas modestas e inespertas aitudes o resultado.

Descapacidade pr'ô sacrificio; descapacidade pr'abarcal-o probrema andalus en tod'a sua amplitude; descapacidade pra enxerguere, qu'a patria non é un soio amore, sinón a xuntanza de todol-os amores santos; descapacidade pra ollar qu'a patria non é un soio anaco da nosa vida, sinón ela toda; descapacidade pra ollar qu'a patria istá por riba e non por baixo-dos nosos egoísmos e miserias; descapacidade de sentimento e abnegazón pra procamare a xusticia, ainda cando magoe nosos intreses e comenencias.

E son tamén razóns de dependenza económica; procamare a liberdade da terra é poñérese en frente dos seus donos, que son-os ricos, ainda cando non ocasiónelles nosa política económica o mais lixeiro prexuício nos seus intreses, sempre témesse a unha trasformazón na propiedade, e poñérese en frente dos donos da terra que son-os ricos, pode alexare o pan de moitos estómagos, a proteción de moitos que desgraciadamente a percisan, o porvír d'outros tantos, e

cando trátase do pan de cada día, da porteizón que meio o asegure, do porvír, que non isté craro, os homes esquécense dos seus deberes sociaes e políticos, esquécense de todo, non crên, nin pensan nin poden demostrare outra cousa qu'ô seu natural instinto de conservazón egoista, e seu espírito descapacítase pra voar e rubir ás outas cumes do sacrificio en holocausto da patria.

Porqu'eiquí non trátase mais que d'iso, de sentire e afirmare a patria andaluza, non nos labres, sinón no corazón e na i-alma, e a patria é a terra onde vivimos e o pobo que n-ila vive, tod'ô pobo e tod'a terra, que non s'esquencen.

Véxase agora si pode prescindire o rexionalismo andalus d'un contido económico que

## TARXETAS DE PERSENTACIÓN

**BESADA,**  
Caciquería

**PASIN,**  
Cibdadanía

## LEMBRANDO...

# O NOSO APOSTOLADO

**E**NTRO en Vigo a meio do serán, e despois de descansare n'Hotel e aseáreme; de sacudirm'ô pô d'un viaxe d'unhas cantas horas n'ô tren, e de merendare, botéime ledo e optimista á rua, co-esa ledicia que todos sentimos ô recorrer despois d'algún tempo d'ausencia unha cibdá que nos foi porpícia n'outros días, que nos gusta, e n'a que deixamos boas amizades.

Y en efecto, non fôí méster dar moitos pasos cando nos sairon ô encontro, abrindo

seus brazos, cordialmente, unhos amigos que nos dan a ben chegada, e nos estreitan con efusión.

Na compañía d'outros cos cales nos topamos ô rubir á un tranvía, imos—qu'a invitación é reiterada—até Bouzas (pintoresco pobo ribeireño) a refrescar n'un d'aqueles enxebres e concurridos merendeiros.

Fai uns minutos, un anaquiño, que retornamos, e hétenos n'a manífica rúa d'ô Pri-

cipe, onde nna banda de música ameiza un arrufado paseo.

Luxosas damas dan voltas por aquela longa rúa asfaltada, chea d'elegantes circos, cafés, e comercios, e copiosa e espréndidamente alumeada.

Sentados estábamos á porta d'o Club, parolando e fumando, cando acertan a pasare por alí un grupo gárrulo de fermosas e distintas señoritas, qu'axiña encheron a rúa de risadas e conversacións femeniles. (¡Oh, a música d'as risas de muller!)

Un d'os que con nósco estaban, erguéndose súpeto d'o brande e muelle asento, díxome:

—Acompáñame. Vou a presentarche unha d'as mais bellísimas aristocráticas damas da nosa cibdá.

—¡Qué pláceme—contesteille, e a pouco, paseábase pol-a rúa d'o Príncipe con moi xentís damas.

A conversa que con elas levábase, a sostíbase en galego.

Por certo qu'ó comenzo, n'ó momento da persentación, ante a estrañeza d'aquela pléyade de xentís muchachas, tivemos que botar por diante, bulra-bulrando, iste prólego:

—Voulles a falar en noso idioma, e rógolles que vostedes, señoras miñas, me contesten d'ó mesmo xeito: qu'en Galicia somos nados e d'algún modo temos de demostrá-lo, e nada mellor qu'a fala para nosa afirmación rexionalista.

Inda hai mais: Xa que son os homes mais cultos e sabidos d'as nosas cibdades, os inteleituás, os qu'esfórzanse e patrocinan esta manífica cruzada, deben-as señoritas, as mais distintas damas d'os pobos secundalos e amparalos c-a sua caridade, entuseasmos e amore: éxida que sempre protexen todolos apostolados e boas obras, ista boa e patriótica obra e iste apostolado. Por iso eu vóu a permitirme o afoutamento, e rógolles a vostedes—xentís e bellísimas señoras miñas, que consintan mentras dura o

paseo falarlles en galego—ese idioma do que vostedes ô bicare á seus pais, aloumiñar á seus hirmáns, mimar ôs nenos, querer á seus noivos, tan frecuentemente adaitan.

—¡Oh, sí, sí. Con mil amores.. Háblenos usted en gallego y nosotras, todas nosotras reciprocamente, también en gallego le hablaremos a usted. ¡Niñas: ni una palabra en castellano! Ortiz Novo nos lo pide...

No noso musical idioma sostuvemos, todolo tempo que durou o paseo, nosa conversa.

E xúrolle, lector, por miña fé, qu'aquelas aristocráticas damas o falaban maravillosamente (¡can prestixiosa nosa incomparable língoa en labres d'elegantes mulleres!)

O púbrico—que por a fermosa rúa vigueusa pululaba, ô ouvirnos á elas e á mín, paraban mentes en nós, e hácia nós daban volta as súas cabezas.

Miñas fermosas amiguíñas iban radiantes ¡outras creeríanse *cursis* falando así!

Miñas amiguíñas—cada vez con mais unción—falaban, falaban en galego, e eran seus verbes música e luz e fragancia, estrofas d'ouro d'un poema diviñal, e fontana que borda cos raudaes cristaiños das súas augas, unha máxica sonata, unha eterna canción trunfal...

ORTIZ NOVO.

(Bibliotecario d'a Irmandade d'a Fala de Santiago.)

Vigo, Estío, MCMXVII.

\*\*\*\*\*

## Postal enxebre

*QUIXERON en boa hora, os bós galegos de Compostela, que Rosalía—na sua estátua do moimento que agora s'inaugura—aparece ollando pr'á verdecente campia, cara ô Sar e o Sarela, meigos ríos que inmortalizón seu xenio.*

*Máis ela que soio atopaba dinos do amor que ll'alcendía a rosa de cen follas aberta no corazón, os costumes galegos; ela que sentiase estranxeira fora da terriña que tanto quixo, ela que salayando dicía.*

*Airiños, airiños aires  
airiños da miña terra...*

*Agora, ollará ôs seus pés, que triparon tantas espiñas na vida, coma aldraxe fondo á sua raza, unha cousa estrana capaz de facela arrenegar de todolos homenaxes: un foco de flamenquismo, un lugar noxento no que os arés da terra s'envenenan e empodrecen; a antiestética praza de touros, onde moitos homes sin corazón contemplan cheos de ledicia, como martirizanse vellos cabalos e nobres bois...*

*...Rosalía, toda dôr e amore; Rosalía can-*

*tora dos homildes, almas das almas enxebres e sinxelas, inda na hora da gloria, tés que sentir pol-os desleigados galegos, que non sinten, nin pensan.*

## OFRENDA

### Catalonia, mater iberorum

**P**OR qué te aldraxan Cataluña? Porque levas na frente unha estrela, a estrela da cidadanía, ateigada do azul mediterráneo no que latexan total-as arelas esprituás d'Europa; porque levas un cantar no peito—o doce cantar da raza.

Aldraxante as rás que viven na lameira abafada do centralismo, porque amostras o camiño da redención a total-as rexións vivas d'España. As rás que piden, acostumadas á escravitude, non un rei com'as da fábula, senon un criado d'un axudante calquera d'un rei, pra capataz dos seus destinos, no que poidan hipotecare a vountade.

Tés unha minción outa, Cataluña. Tés a minción sagra d'irmán maor, d'irmán que olla ás máis irmáns afundíndose na lama d'unha marisma irta e pertende darlles a mán pra que se libren da morte.

Queres salvarnos; queres salvar ôs pobos da periferia española, e n'istes pobos inda hai parvos co'a y-alma d'escravos, que beran com'o portugués do conto: «como me saques do pozo, mátoe.»

Mais o teu exemplo, terá de ser fecundo, porque é o bô exemplo, escada lumiosa pol-a que se chega ás outuras da cidadanía; nai de todo progreso moral e material. Porque tarde ou cedo cantos pobos de persoalidade propia hai na España adeprenderán de tí e chegarán a imitárete, e entón, Cataluña mestra, ollaremos a lus escintilante da nova e forte Iberia, e chamarache a Historia «Archivo de patriotismo.»

### CADRO BRANCO

*O Alcalde de Barcelona, Sr. Martínez Domingo, pesi-as moitas espricaciós que dóulle o Gobernador da capital de Cataluña pra amostrar que non quixo ofender ô Municipio, persentón a dimisión do cárrago dicindo que «colocado entre el Gobierno y la ciudad optaba por ésta, retirándose.»*

*O Sr. Martínez Domingo é un lumioso froito do rexionalismo «enfermo» de que falan os labercos rexionalistas castelás de Galicia.*

*Cataluña, dona...*

### CADRO MOURO

*Na Cruña, chamada capital de Galicia, houbo un Alcalde que non ceibou a vara, sendo liberal, e inda que rubiron os conservadores ô Poder, hastra que lle deron a cesantía.*

*Antr-a cidade e os Gobiernos prefire os Gobiernos, donos do pucheiro.*

*E iste ex-Alcalde, entende que non hai senon un rexionalismo «sano»: o das festas con traxes típicos, gaita, tamboril e cántigas.*

*O rexionalismo invéneno que engayola ôs caciques.*

*Galicia escrava...*

## DE MIN PRA VOS

**Axúdate, que Deus t' axudará**

**A**XÚDATE que Deus ch'axudará—sermoneáballo Froilán. o usureiro a Chinto, lembrándoll'os seis mil réas que prestáralle faguía tempo.

—Si eisí coma m'axudo eu, axudárame Deus, vaille na misa que ll'os tiña pagos. Enriba, á colleita d'ogano ha sere tã cativa, que co ila non conto pra lle pagare.

—Encoméndate a Deus, Chinto, encoméndate a Deus, que boa falla che fai. Eu presa non che poño, mais, xa ves...

—Non dígame mais. Abóndall'a razón... ¡Si eu tivera vinte pesos!... Téñoll'un proieuto no maxin que si o levara a feitos, ben habíame dare d'utilidade o que non podo pagarlle.

—¡Demoro! ¿Tan bô, é?

—Inda o non sabe ben. Cós vinte pesos e dous viaxiños á vila... ¡choio feito!

—Home, si por iso é,—díxolle Froilán rañando a moleira—coma t'eres home sabido con moito d'espelido, poida sere que non mintas e préstochos eu...

—¿Vosté bromea?...

—Tan non bromeo, que vouchos dare agora mesmo.

Sacou unha carteira e d'ila catro papés de á cinco pesos, e dándollos á Chinto, díxolle:

—Ehí os tés. Agora mesmo pagáronme unha deuda, e xa ves, co-unha man os collo e co-a outra os dou.

—Dá, señor, dá—repuxo Chinto dándolle viravoltas ós papés nas mans—; e pensare qu'aínda hai lampantíns na parroquia que téñen-o por usureiro. E todo por cobrare de réditos o trinta por cen... Nada, si imos a vere, nada... ¡De cantos apuros non saimos!

—Si, om, si; mais non todos enxérguen-o.

—Lle son unhos desleigados. Sei d'algun que si puidera... si puidera... Mire, a min non lle me gustan marmurazóns, nin darlle a lingoá..., é verdá..., e cò seu permiso, vou preparal-o viaxe pra mañán ir á vila.

—Vai, home, vai, e que Deus ch'axude, que sobor do conto de qu'hai quen mal me quer, téñocho esquencido. Malos querentos non fallan, Chinto.

\* \* \*

En feito, fixo un viaxe á vila do que voltou ós dous días, e pasadas que foron duas somanas, volveu á ire á vila.

Chegou á pousada ond'estivera o derradeiro viaxe, e todo compunxido, perguntou pol-o dono. Non tardou en persentarse aquí, e de mais istá o decire que foi moi ben recibido pol-o pousadeiro, pois Chinto collera sona n'ótro viaxe d'home desprendido e dadivoso. Coidaban que tiña de sere labre-

go de bô acomodo, pol-o pouco ou nada que roparaba en gastos.

—Bôs días señor Chinto.

—Nos dé Deus, D. Manolo.

—A tragner mais cartiños ó banqueiro, ¿non é?

—¡ô rivés, D. Manolo, ô rivés!—escramou Chinto moi tristeiro.

—A sacare logo; algun bô negocio en porta sen dúbida algunha.

—Non, señor, non. Por disgracia o qu'eiquí me trai, non é nada bô.

—¡Caracho! Ponme no pindirico da curiosidade...

Chinto porcatándose de que chegara o momento do fínximento de sere vítima d'unha gran disgracia, con vos tremorosa, e xeito dórido, comenzou:

—Vosté lémbrese da derradeira ves qu'estiven eiquí.

—Lembro; fará duas somanas.

—Lembrárase tamén que truxen seis mil réas que depositéi na casa do banqueiro.

—Lembro, señor Chinto; vin o rolo de papés de a vintecinco, e a libreta que déronlle, coma o vexo á vosté.

O faguer tal afirmazón o pousadeiro, non iba fora de camiño. Chinto amostráral'un rolo de papés de a cinco pesos, no que non había mais que catro por enriba e por debaixo papés de cor, decíndolle qu'eran seis mil réas que depositaría na casa do banqueiro. Dimpois fíxolle vere qu'iba a faguel-o depósito, e á volta amostróull'unha libreta que mercara á mantenta.

—Pois aínda lembrándose coma lémbrese, non sei si na banca pasarálles o mesmo.

—Bó, por ehí, entendo a libreta, abóndalle.

—O caso é qu'a non teño,

—¿Perdeuna, logo?...

—Perdín, e á iso veño. Certo é qu'a cantidade n'era moita, mais, seis mil réas non gánanse a cotío.

—¡Caracho! Sonlle trescentos pesos que...

—Quei reclamare coma chámanme Chinto.

—Tamén non fallaría mais.

—Eisí que ordè me proparen o ban pr'á noite, i-enantes de xantare, vou ire á casa do banqueiro.

—Si quer qu'eu vaia con vosté...

—No-istará de mais, e agradeceréillo.

E Chinto en compañía d'un testigo coma D. Manolo, aló foron á casa do banqueiro. As oficinas istaban na pranta baixa que víanse dende a rúa, e chegándose Chinto a unha xanela na que decía n-un letreiro: CAIXA, preguntóu:

—¿Pódese faguer unha reclamazón?

—Vosté dirá—contestáronlle d'adrento.

—Pois verá. Fai duas somanas truxen á depositare eiquí seis mil réas, déronme dimpois unha libreta e perdín-a. ¿Qué fago agora?

—Com'é seu nome?

—Chinto Pardiñas Ferreiro, pra sirvil-o. Calou o d'adrento. Pasado que foi un pouco tempo, díxolle:

—Co-ise nome, n'hai feito eiquí ningún depósito.

—¿E vosté amócame, señor? ¿Miróu ben?

—Mirei; no-istá nin nos Pardiñas nin nos Ferreiros.

—Home nos ferreiros, créollo, mais mire nos labregos verá coma istou.

—Falo dos apelidos. Xa díxenlle que no-istá.

—Pois si no-istou—dixo berrando canto puido Chinto—eiquí non é casa de banca sinon de ladróns.

E alí comenzóu unha barafunda dos demos. Chinto portestando qu'o roubaran; o posadeiro e o púbrico dándoll'a razón; e o banqueiro que saíu ós berros, diante d'un conflito do que non sabía coma saire.

O bulizo iba crescendo de tal xeito e tanta era a xente que xuntábase alí, qu'o banqueiro decatándose qu'aquilo era un descreto pr'á sua casa, tratóu de convencere á Chinto por todol-os meios, e vendo qu'o non convencía, mandou chamar á un comerzante en panos que vivía ó lado, e chegado que foi, díxolle:

—Meu amigo, teño na porta un conflito de sete mil demos qu'armóume ise larpeiro labrego, quen non trouxo eiquí unha mala cadela, mais coma o púbrico o apoia e axuda, e vai todo ilo en descreto da miña casa, tome istos seis mil réas e fágam'o favore de darllos, dicíndolle qu'os cartos os deixou na súa casa e non na miña, e que pol-o tanto non é á mín á quen mos debe reclamare.

Safu o comerzante i-entrando no seu comercio e volvendo á saire, foise onde Chinto, e díxoll'en vos outa pra qu'ouviran ben:

—Señor Chinto, vosté istá trabucado.

—Non estóu, señor, non—contestóulle Chinto.

—Os seis mil réas eiquí os ten—díxolle o comerzante dándoll'os cartos,—mais non foi n-ista casa onde vosté os deixou sinon na miña.

Colleu Chinto os cartos, contóunos, gardóunos, e apertándoll'as mans ó comerzante en mostra d'agradecemento díxolle tremándoll'a vos co-a emozón:

—Ben sabía eu que da súa conta non fallaría unha cadela; comerzantes honrados coma vosté non sonlle todos... Xa veu tamén coma tampouco llos reclamaba porqu'os tiña seguros. ¡Ai, si todos foran coma vosté!... Mais, xa ve coma iste ladrón de banqueiro négam'os que lle truxen, e témomos que dare coma m'os dóu vosté... ¡Moitas obrigas señore, moitas obrigas!...

RICARDO CARBALLAL.

## A ASAMBREIA CATALÁ

## O QUE TEMOS, E O QUE PEDIMOS

Poucos verbes fannos falla, despóis do que decíamos no derradeiro número, pra deixarmos eispresada a nosa opinión relativa ó procedemento que se apricou ós únicos parlamentarios fillos lexítimos da opinión.

Non vemos modo de comprendermos o por qué das xenreiras que moitos homes, que se teñen por sabidos, queren botar sobre dos cataláns. Nós, coidamos que é mala maneira de facer xusticia, a crítica caluñosa. Nós, temos por orientación sã o amor ós demais homes, e crémonos na certa, si descimos que o alimento con que medran-os corazóns xustos non é outra cousa que o amor.

Ante o pobo recúsanse c'os seus propios sentimentos, os que queren xusgar á outros babeando primeiramente odios e malquerencias. Si o pobo é intelixente, si non é acarneirado, terá de ver que non poden facer bós xueces-os que non levan o corazón como unha mazá ben temperada, sinon como unha froita comesta no seu interior pol-o verme da xenreira, inda que por de fora n'esteña dispida de linda côre.

Vennos ós puntos da pruma o que agora estamos decindo, porque temos cravada na memoria a lembranza de un artigo que limos fai pouco n-o *A B C*, o xornal defensore do picapáu nacional Sr. de Romanones. ¡Qué autoridade ten un xornal de tan guapos amigotes!

Dí o *A B C* que os cataláns desprezan ás rexións que non desprezan a súa, e que viven desabidos das condicións naturaes i-eiscelsas que Galicia, Andalucía, etc. teñen.

Non copiamos os párrafos de *A B C*, porque o noso papel ten o estómago moi delicado, e fácilmente dalle por devolver. Basta co que apuntado deixamos, para que se vexa a mala fe do gran colega.

Xornaes de ese xeito son os que definen as orientacións de España, e canto máis lle reconozamos a súa gran influencia, tanto máis dereito teremos á cuspirilles á cara todol-os dictados que nos inspire o noxo que nos é causado por ollar que a patria total e as patrias naturaes, España e as nacións que a forman, dan rolos n-a costa abaixo

da dexeneración, cara ó río revoltos dos romanonismos e demais políticas que levan contabilidade, e poñen o activo n-a «miña conta» e o pasivo n-a «sua conta», (a do país.)

*A B C*, e outros xornaes do seu carís, foron-os enemigos da Asambreira catalá e os comentaristas que a desfizeron como si meteran un zucrillo en auga. ¡Bobiños!

quijos. Tanto bourou a disgracia sobre de nós, sobre da colectividade hispana, que ó cabo, rompéulle a alma. Samente de iste xeito pode un comprender a maña que se dan os españoes pra disputaren todo e n'estudiar nada. Veu a guerra europea, e nasceron dous bandos, de apasionados, verdadeiros cipayos emboscados n-a pas de unha neu-

tralidade á forza. Ven agora o asunto catalán, é ahí tedes os *fobos* e os *filios*... ¿Onde están os que estudian sereamente as conveniencias patrias sin ollar os caprichos cordiaes? Están entre os que nada esperamos nin nada queremos egoístamente; entre os que non temos mais estómago que a intelixencia nin outras ansias que as da libertade sin convencionalismos medosos, e sin concesións ós orgos do despotismo enfarandulado co-a careta de constitucións que se non cumpren, á máis de seren reveladas.

Mais se non ollará que nin guén tome aquela vella consellanza que dí: do enemigo, o consello. Non: todos fortes que fortes n-a súa opinión, e como si defenderan un bô compango de chapreira.

Cataluña é grande, é traballadora, é progresiva, é nobre. ¿É imitada? Non. Ténselle envexa, i-en ves de traballaren todos como ela trócanca, n-un hoso n-o que é mester rilar pra facer patriotismo.

Os diputados e senadores cataláns marcan camiño no Parlamento. Eles teñen sempre o de-

rerradeiro verbe de todol-os asuntos, de todol-os problemas. Son ante todo cataláns, e pra eles Cataluña é primeiro que o xaimismo ou a república, que o liberalismo ou a... conserva... O amor á Cataluña xúntaos e fainos fortes. Eles estudian total-as cuestións. Teñen unha oficina con libros, onde fan ponencias e preparan opinións ¿Son imitados?

Os diputados galegos, por exemplo, son todo o contrario dos cataláns. Nin estudian, nin saben, nin se inquedan pol-a sorte da súa rexión. Van de rastro do Goberno que lles deu o acta, e nin teñen opinión, nin se estiman a sí mesmos, co conto da *disciplina*, como lle chaman eles ó votar as ordes do

## Iñorancias que perxudican

*¿Qué xuício farián de nós os políticos da Meseta e total-as xentes de bô senso d'España, si un día dixéramos:*

«QUEREMOS LA LIBRE INTRODUCCIÓN EN GALICIA, CON CARÁCTER PERMANENTE, DEL TRIGO Y DEL MAÍZ.»

*Chamariannos asnos, iñorantes, elementos perxudicadores do rexionalismo galego. Maxinarian que viviamos no limbo, en crás de parvos.*

*Pois seípan Rodrigo Sanz, «Un labrador a la moderna», Ribalta, Calderón, Rof Codina, Banet Fontenla, cantos pra servirse á nosa terra axuntáronse primeiro en Monforte e logo en Ribadavia e Redondela, n'aquelas Asambreiras agrarias dinas de lembranza garimosa, que fai pouco tempo espallouse por Galicia adiante un manifesto... rexionalista, no que se fala como queda dito.*

*O manifesto é feito por un abogado; por un home que desexa sere director de pobos e que foi Alcalde da Cruña. Picorete conece tan ó dereito os problemas galegos, que pide «la libre introducción en Galicia, con carácter permanente, del trigo y del maíz».*

*¡E logo chámase amante de Castela! ¡Qué amigos tedes, casteláns!*

*Picorete, por iñorancia, procrámouse separatista. Porque sin separatismo dinantes, isa libertade pra o trigo é unha solene burrada que nos pon en ridículo.*

*Os Irmáns da Fala temos que defendere a Castela.*

¡Fíxosevos auga a boca, co-a cobiza de esmendrelláredes ós honrados, pro, non houbo máis!

A Asambreira celebróuse, e as suas conclusións facerán o debido efecto. Inda que a censura o negue, nosoutros pensamos que un home, e menos sesenta e tantos, non vira o pensamento en pasándolle a man pol-o lombo... ¿Non haberá sido ó revés, i-en troque de andar a xostrazos cos cataláns, como se nunciaba, non daría a forza en pasarlle a man ó perigo, pra ver de amainalo?

\* \*

España évos un país perdido. O espírito, a opinión do pobo español estavos en na-

cacique máisimo. E cando falan de algo, fan como aquil diputado que, botándose de sabido, elevou unhas 600 toneladas a 150 mil, sin que o ministro de Fomento nin os escaños, se torceran co-a risa, pensando como n-unha estación equeneira do tren, podería caber aquela trola...

Vendo estas diferencias, e ollando o que se nos da pol-a forza, nosoutros queremos, pedimos que se nos deixe ser homes libres. Demandamos a autonomía política, sin-a que a administrativa é imposible... Non nos ven moi acaído estarmos no século xx e vivirmos como nos tempos de forza e coite-lo, mentras é papel mollado a carta dos nosos dereitos cidadáns... Loitamos pol-a honradés, e de ela falamos, porque non nos luxan as compracencias dos que se fixeron fortes como os raposos: zugando sangue de galiñas... E tampouco nos é gracioso o papel de pitas...

Temos enfrente de nós os elefantes como *A B C*, os poderes hoxe inconvivibles pra os homes valeiros que se chaman de orden en forza de sentiren no miolo a pas sepulcral da falta de ideas, de ideas, de esas moxenas que decote, pra nasceren, precisan da sua nai: o lume, o pensamento... Pro, non nos importa. Os elefantes deben recordar que moitas veces os seus homónimos da selva, son comestos por unha praga de formigas... E nosoutros xa sabemos, inda que somos ben pequenos, cravar o aguillón da nosa nobreza, feito todo o noso sangue ácido formico, á causa da indinación que en nós é acesa pol-o podrecedo da patria, trocada, á forza de estupros, en hetaira de todol-os afáns concupiscētes caciques...

A. VALCÁRCEL

## CRITICA MIUDA

### VICTORIANO TAIBO

Como poderéi nomear á Victoriano Taibo, sin pensare en Galicia?... O sombreiro de ancha áa, pródigo tocado de galiciano, o rostro rasurado, a cór sanguíña, a espazosa frente, a mirada tranquila, o soavísimo acento dos labres devotos da fala galega, o corazón saturado de amore á nosa terra, os delicadísimos versos escritos n-o idioma da nosa patria natural; cousas son todas ístas que en Taibo deliñan mañificamente o tipo galaico, pra ledicia dos que temos acesa a alma n-un soño de redención.

Victoriano é un home símbolo; é Galicia mesma renacente. Eu non teño conocido afirmación máis baruda do tipo galicián; eu non teño hachado xamais n-o camiño da vida, outra persoa que me fixese crer tanto como Taibo, que Galicia encarnara n-ela.

O espírito de Taibo é poeta, porque oficia de bruñido incensario onde non sóio arde a mirra sagra do redencionismo, sinón que n-o seu contorno se espellan as diviñas cousas da nosa terra... Eu teño pensado moitas veces, ouvindo falar á Taibo, en que o seu corazón é unha «rosa de cen follas», tan bela como a do subprime poeta: rosa non de dôres sinón de amores á Galicia... Arrincádes unha tras de outra as follas da rosa eiscelsa, e, pra acabardes c-o galeguismo de Taibo, terfades que arrincar de raíz o corazón do peito de iste home rexo e nobre...

¿Por qué Taibo é un símbolo? Porque iste compostelán meritísimo é a personificación do estado espritoal de Galicia n-os momentos actuaes... Co-as suas espranzas, co-as suas ansiedás, co-a sua santa intransixenza de patriota puro, ó tempo que co-a pas in-

terior que froresce n-un sembrante cuías liñas xamais se truncan n-as carantofías. Taibo é a viva imaxen do noso nacionalismo, de ista forte corrente de enerxía que fai estremecel-a alma da Terra, mentres todo é sobre de ísta, apacibre, sereio, encantador; moi encantador, porque Galicia, inda que a sua sona n-o diga, ten aromas e frores e soños tantos, que, si se revolucionase, máis que o olore salitroso da pólvora, poderían n-o ambiente os perfumes dos agros, e os restrallantes gritos da ira serían zig-zag de centela trazado por unha tormenta sobre da poesía docísima de un xardín.

¿Crēn-os *eistranos* que os galegos somos homes de máis heroica azaña que a da nosa tradicional sumisión?... Si Victoriano Taibo fose conocido por aqueles *eistranos*, éstos saberían adprender a pensaren en que Galicia non necesita barricadas artificiaes; bástalle as suas néboas, fadas feitas gasa por cuidaren do paisaxe, pra velal-os corpos que se ofrenden n-a loita pol-a patria; e, sin-a ficción de inconsistentes atrincheramentos parlamentarios, cerebros como o de Taibo, dende enriba das nubes de falsos conceptos e caluñosos xuicios enxendrados pol-a ruindade e a ñorancia, fulmiñan ideas que, por sí soias, son de abondo pra racharen, como raios potentísimos, as entranas do desprezo, hasta trocalas en vergoñosa condensación de cobardías e miserias, caídas como chuvia que ende xamais volverá erguerse n-unha evaporación desprendida de corazóns prodres, sobre dos goriosos i-eiscelsos horizontes de Galicia.

Xa sabes, lectore amigo, por qué Tai-

bo é un símbolo, e por qué eu amo fraternalmente a iste home xoven e xeneroso que moi logo dará unha mostra máis do seu máxico e robusto plectro, n-o seu libro *Agarimos e xenreiras*... Agora comprenderás, lectore, por qué cando aperto á Taibo, creio de sentir contra do meu corazón a diviña calore con que me quenta a-alma Galicia, amor dos meus amores, solar dos meus abôs, patria do meu espírito, tradición do meu sangue, pan do ideal que comulgo cando ollo ó ceio e o coido tal porque a terra xira tan sómente pra refrexare n-os espazos o currunchito galego, refrexar do que son rastro as lumiosidás do día e as mourenzas tachonadas de bágoas da noite, como rastro da vida galega teñen de ser n-a Historia, as esplendorosas creacións dos inxenios galegos, gorias de lus de sol, e o sofrimento da terra escrava, noite n-a que fulgurexan as nosas reivindicacións, como esquirlas de astros, como puntos de fogo, saltados da fragua de amores onde se forxa o noso empuxe; muxicas que, sumándose algún día, cicáis cheguen á tramar unha labarada ante a que digan os malvados: Velahí un pobo que arde, e os xustos de corazón: Velaiquí un pobo que se salva.

A. VALCÁRCEL.

(Traducido de *La Región*, xornal orensán).

### CLÁSICOS ALEMANS

EDUARD MÖRIKE (1804-1875)

## ORFA E SIN AMOR

Traducción de JOSÉ IGLESIAS ROURA.

### I

Xa estóu ergueita cando  
aínda as estrelliñas parpadexan,  
pra acomodalo gando;  
xa teño o lume aceso  
cando os galos aínda cacarexan.  
Cando, ó rayal-o día, pol-o tésio,  
en pingotas de luz desfai-se o albor,  
xa teño ben gañado  
meu panciño acedado  
pol-a door.

### II

¡Amores que eu soñé  
e nas cordas prendín  
do corazón!  
¡Sin pôr mentes en mín,  
pasáronme a carón!  
¡Por qué che teño lei,  
desleigado rapaz?  
Non máis sonos feréi  
de amor e paz...

### III

Chuvia mansa de bágoas, sin estiño,  
dos ollos a sair,  
sin ouvir doces verbas de aloumiño,  
¡que doido vivir!  
Sempre en melanconía,  
sin que os salayos meus ninguén escoite  
ven pra mín o día  
e así me colle a noite...

## FROITA NOVA

# INSISTINDO

**E** preciso machacar sempre sobor d'o mesmo. Todos cantos nos poñen sona de *separatistas*, ou non conecen á hestoria d'a península Ibérica ou berran por berrar que ven á sel'o mesmo. Porque imos á ver, ¿pode separarse ó que xa naturalmente está separado, ben sexa dende ó punto de vista etnolóxico, lingüístico, etc., etc.? ¿Como se fixo a tan cacarexada unidade d'a nazón española? E ben sabido que isto foi debido ó habérense vinculado n'as coroas de Isabel e Fernando a maor parte d'os vellos reinos, que os ditos reises católicos houbían herdado de seus maores, n'aquiles tempos, groriosos sin dúbida, en que os reises é mail'os señores feudás dispoñían como lles parecía d'as terras é d'os habitantes das mesmas; do mesmo xeito que si eu dispuxera sin seu consentimento, d'as moedas que outro portase n'o peto.

E indo sempre por iste camiño,—que é ó bô—imos á dar en que: si os difrentes pobos d'a península, fónon xuntados cando non tiñan vontade nin libertades, porque así podía beneficiar á unha dinastía, ou unha crás da sociedade; hoxe, istas nazonalidás, sintíndose conscientes de si mesmos, van despertando mainamente d-a ñorancia que os fixo ser escravos por vontade e capricho d'os que tiveron é teñen intrés en asoballalos é télos n-un puño; e chegados á maor idade, enxerguen que teñen dereito d'abondo para vindicare á sua libertade política i-económica (sin centralismos que os tiranice) dentro da santa irmandade das difrentes nazonalidás Ibéricas.

Certo é, que o atavismo e a forza da costume, e unha hestoria amañada quizáis de mantenta; fonon infiltrando nas concencias un estado d'esprito reacio á toda manifestación anticentralista, e xa teñen bon coidado ós intresados en que siga *per sécula* iste estado de cousas de sacal'o Cristo d'o patriotismo, cando teñen ocasión, para aldraxar á todos cantos: s'afoutan á loitar pol-os dereitos que á nai Natureza lles concedeu, é que ninguén pode asoballar en nome de calquer intrés mais ou menos discutible.

Pol-o tanto, á nos; ós que arelamos que cada nazón d-as que integran a Ibérica se rixa por si mesma, non hai que alcumarnos con iso d'o *separatismo*, pois está visto que non trátase de separar o que de feito xa o está. Vede unha proba. N-a illa de Cuba e nas mais repúblicas d'a libre América hai unha porción d'españoles emigrados, e sorprende que todos tratan de asociárense por rexións, e así véñse o Centro Galego, Asturiano, Catalán, Vasco, etc., etc., entidades

de forza que poñen moi outo o nome d-a nazón respeitiva. Todos son compatriotas dentro d'a chamada nazón Hispana; mais por sobor d'ese sentimento que poidera nomearse artificial, está ó verdadeiro sentimento que é o d-a *patria chica*, que lles obriga por imperativo de raza é idioma (corpo é alma) á xuntárense e particularizárense en tantos grupos diversos.

E si esto xurde espontaneamente en un meio libre, n-un país en donde parece debera ser mais estreita a unión de todol-os españoles, tamén xurdirá eiquí ó día en que compenetrado cada un d'os seus deberes dé ó traste con cantos estorbos e atrancos, chámese *caciquismo* ou o que sexa, impiden que cheguen á bon termo as arelas de todol-os galegos conscientes e dignos de si mesmos.

D. CASAL.

### LETRAS EXTRANXEIRAS

## OS DOUS PAXAROS

(De Rabindranath Tagore)

*A paxariña domesticada, bullía drentro da xaula; o paxaro libre voaba po-lo bosque.*

*Atopáronse un día. O paxaro ceibo dixo:*

*—Queridiña, imos xuntos para o bosque.*

*A paxariña contestou:*

*—Entra eiquí; viviremos un preto d'outro na xaula.*

*O paxaro perguntou:*

*—Tras isos aramios ¿onde atoparía logar pra estalicar as áas?*

*—¡Ai!—salayou a paxariña.—Eu non sabería onde acougar no ceo.*

## SIN COMENTARIO

ISIDORO MILLÁN, abogado e periodista eloxiou a aituación das «Irmandades da fala», sostendo que débese laborare pol-a total resurreición da língoa galega, de groriosos orixens com'o romance de Castela, por sere un poderoso meio de loita, e que soio co-a língoa poden conquistar os pobos, alma propia.

FRANCISCO C..., irmán de Xulio Camba chamóu pavorosas istituzóns às «Irmandades da fala», porque pertenden faguer falar en galego a toda Galicia, a que canto mais se lle diga qu'a alma d'unha raza istá no idioma, máis asústalle o galego, no qu'até agora, tan soio eispresáronse sentimentos sinxelos de xente aldeana.

*O paxaro terqueou:*

*—Ven connigo: entoaremos as cántigas dos bosques.*

*A paxariña dixo:*

*—Quédate preto de mín; enseñareiche un lingüaxe galano.*

*O paxaro do bosque escramou:*

*—Non, non; as cántigas non s'insinan xamais.*

*—¡Ai!—salayou a paxariña encarceada.—D'aquela eu non adprendería nunca as cántigas dos bosques verdecentes.*

*Os dous quérense co-a vida. A través dos aramios da xaula, óllanse, con fitares solermeños; pro é vano o desexo de conecérense. Latexan sías áas n-un pulo de tenrura sinxela e cantan:*

*—Ven, ven connigo; ven...*

*O paxaro ceibo, doéndose ateigado de tristura:*

*—Non poido: Teño medo ó encerro da túa xaula.*

*A paxariña encarceada, salaya:*

*—¡Ai, probiña de mín! Miñas áas están mortas e non saben voare!*

## Peneirando...

O Sr. Cueto recomenda ós galegos da *Voz de Galicia* o lema dos santanderinos:

«Por encima de toda pasión política y aun del mismo sentimiento nacional, debe estar siempre el amor a Santander.»

Sr. Cueto, que o vai alcumar co nome de separatista seu *alter ego*, e os da festa castelá de afirmación galega d'Ourense, poden dirixirle un telefonema c'un ¡Viva Español capaz de facer arder o eixo...

❖❖❖

Algúns xornás de Madrí e algúns de Galicia—aduladores dos caciques—quixerón comparar a Asambreia catalana co-a noxenta Asambreia dos liberaes que cheira á podre.

Haivos comparaciós que fan rir.

❖❖❖

Na *Hormiga de Oro*, de Barcelona, publicouse un contíño no que nos pon en ridículo á un portugués e á un galego.

Fálase da «modestia natural na nosa raza». Fálase d'un «maruxo» que di: «apenas mi llamu Pedru.»

Sempre na mesma. E n'é estrano ¿Que fixemos contra de Lope de Haro que espallou pol-o mundo da fala castelán a novela *Los nietos de los celtas* que contén aldraxes pra Galicia que vivirán eternamente?

Lope de Haro, seguirá traballando en Galicia, seguirá tendo amigos galegos, seguirá atopando loubas nos xornás da nosa terra.

❖❖❖

A *Voz de Galicia* reloucou de xúbilo porque na Cruña «pequeno Paris», entendeuse a música galega.

Enténdese a catalana en Barcelona, a basca en Bilbao, e ninguén ali s'ademira. O conto da criada: «Non hei falar castelán si xa saín de Galicia, pois estiven na Cruña.»

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Prá encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**A PAPELEIRA GALEGA**

Estabrecimento de primeiro orde  
pra faguer traballos tipográficos

**FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL**

Barreira, 7

A CRUÑA

**BALDOMIR**

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encontrar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

FERROL

**H. LA PALOMA****Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

**Os "Previsores do Porvir"**

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

*Chegou a 42 milloes de pesetas de aforro en doce anos*


A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó auto-re, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.